XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

El Jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo informa lo siguiente:

1º.- El 22 de Agosto de 1.984 fue suscrito por la Sociedad Agraria de Transformación nº4.559 y la Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación, el Convenio del monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531, ubicado en el término municipal de A Fonsagrada.

2º.- Los actuales propietarios del monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531, Dña. MARÍA ÁNGELES PILAR CAMPOS DÍAZ, de la "Casa García", Dña. OROSITA MÉNDEZ PÉREZ, de la "Casa de Méndez de Arriba", D. JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ, de la "Casa de Fernando", D. EMILIO MÉNDEZ ÁLVAREZ, de la "Casa Méndez de Abajo", Dña. INÉS CARBALLIDO RODIL, de la "Casa de Rodil", D. JOSÉ GROMAZ FERREIRO, de la "Casa de Fidalgo" y D. ROGELIO FERNÁNDEZ DÍAZ", de la "Casa de Murias", en A Fonsagrada, el 31 de Octubre de 2003, otorgaron Poder Notarial a favor de D MANUEL LÓPEZ CASTRO, de la "Casa Caseiro", de D. JOSÉ MARÍA PÉREZ LÓPEZ, de la "Casa Bravo" y de D. MANUEL GÓMEZ FERNÁNDEZ, de la "Casa Ron", todos ellos vecinos del lugar de Llencias, municipio de A Fonsagrada, para que propusiesen a la Consellería de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia:

- la firma de un nuevo Convenio para el monte "DE LLENCIAS DE SUARNA", en el que los vecinos propietarios sustituyesen a la S.A.T. nº 4.559 y
- solicitar de la Consellería de Medio Ambiente la cancelación del Convenio del monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531, por integrarse en el nuevo monte "DE LLENCIAS DE SUARNA".

3º.- El 14 de Noviembre del año 2.003, los vecinos a los que se les había otorgado el Poder, solicitaron de la Consellería de Medio Ambiente, la aprobación del nuevo Convenio y la cancelación del antiguo.

4º.- El 25 de Noviembre del pasado año, se remitió un EDICTO al Ayuntamiento de A Fonsagrada, dándole cuenta de lo solicitado por los Sres. LÓPEZ CASTRO, PÉREZ LÓPEZ y GÓMEZ FERNÁNDEZ, para que las personas que pudieran ser afectadas por el citado Convenio pudieran hacer, durante el plazo de un mes, las alegaciones que estimasen oportunas.

5º.- El 5 del mes en curso, el Sr. Secretario del Ayuntamiento de A Fonsagrada, certificó que el EDICTO estuvo expuesto al público en el Tablón de Anuncios, sin que se presentara reclamación alguna.

6º.- El nuevo Convenio tiene por objeto la incorporación del vuelo y obras auxiliares creadas al amparo del anterior, la conservación y tratamiento selvícola de las masas forestales implantadas, su aprovechamiento y la ejecución de las obras y trabajos complementarios y auxiliares, concordantes con tales fines.

7º.- El nuevo monte "DE LLENCIAS DE SUARNA", en consecuencia, quedará constituído por:

116 Hás del "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531

8º.- Las superficies del monte "DE LLENCIAS DE SUARNA" son:

superficie total:.................................................. 116 Hás
Superficie repoblada:.......................................... 116 "

al Convenio del monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531

9º.- Gastos e ingresos del monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA", 2716531

Conforme con la Certificación que se adjunta, los saldos al día de hoy son:

Gastos:................................................................ 44.196,05 €

Ingresos:............................................................... 2.072,60 €

10º.- Y la cuenta del Convenio del monte "DE LLENCIAS DE SUARNA", se abrirá con un saldo de 42.123,45 €

Por todo ello, **proponemos**:

**PRIMERO**.- Que se apruebe el Convenio del monte de las siguientes características:

Nombre del monte: "DE LLENCIAS DE SUARNA"
Elenco: 2717595
Superficie: 116 Hás
Pertenencia: D. Manuel López Castro y otros vecinos de Llencias.
Término municipal: A Fonsagrada
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Interés sobre el anticipo: 1%
Participación de la Propiedad en el vuelo creado: 70%
Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%
Saldo inicial del Convenio: **42.123,45 € a favor de la Xunta de Galicia**

**SEGUNDO**.- Que se cancele el Convenio de las siguientes características:

Nombre del monte: "MONTES DE LLENCIAS DE SUARNA"
Elenco: 2716531
Superficie: 116 Hás
Pertenencia: S.A.T. nº 4.559
Término municipal: A Fonsagrada.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2004

**O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,**

**Teodoro Arribas Serrano.**

**Visto e prace**
**O Director Xeral de Montes**
**e Industrias Forestais,**

**Tomás Fernández-Couto Juanas.**

**Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente.-**
**Santiago de Compostela.-**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Secretaría Xeral

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

Visto o expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Lugo, relativo á aprobación do convenio do monte de propiedade privada denominado "DE LLENCIAS DE SUARNA" con nº de elenco 2717595, propiedade de varios veciños do lugar de Llencias, Concello de A Fonsagrada e cunha superficie de 116 ha.

Visto o poder notarial outorgado o 31 de outubro de 2003, polos diversos propietarios do monte a favor de don Manuel López Castro, don José María Pérez López e don Manuel Gómez Fernández, para firmar ca Consellería de Medio Ambiente un convenio que afecte ás 116 ha. da súa propiedade,

Visto o escrito dos citados representantes no que solicitan da Consellería de medio Ambiente a cancelación do convenio do monte "Monte de Llencias de Suarna" con nº de elenco 2716531, por pasar a integrarse no novo convenio.

Vista a certificación de data 11 de febreiro de 2004, así como informe da mesma data, ambos do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, no que indican que os actuais propietarios do monte propuxeron á Consellería a firma dun novo convenio para o monte "DE LLENCIAS DE SUARNA", no que os veciños propietarios sustituisen a S.A.T. nº 4.559, propoñendo o seguinte:

- A aprobación dun convenio para o monte de propiedade privada "LLENCIAS DE SUARNA", con nº de elenco 2717595, e cunha superficie de 116 ha., propiedade de don Manuel López Castro e outros veciños de Llencias, Concello de A Fonsagrada,
- A cancelación do convenio "Montes de Llencias de Suarna" con nº de elenco 2716531, subscrito pola S.A.T. nº 4.559.

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto o Decreto 485/1962, de 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes,

Esta Sección Xurídica INFORMA FAVORABLEMENTE a aprobación do convenio do monte "LLENCIAS DE SUARNA", con nº de elenco 2717595, cunha superficie de 116 ha. e propiedade de Don Manuel López Castro e outros veciños de Llencias, así como a cancelación do convenio "Montes de Llencias de Suarna" con nº de elenco 2716531, nos termos propostos no informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2004.

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servicio provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

**R E S O L V O:**

**PRIMEIRO**.- Aproba-lo Convenio do monte das seguintes características:

Nome do monte: "DE LLENCIAS DE SUARNA"
Elenco: 2717595
Superficie: 116 Hás
Pertenza: D. Manuel López Castro e outros veciños de Llencias.
Termo municipal: A Fonsagrada
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Propiedade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **42.123,45 € a favor da Xunta de Galicia**

**SEGUNDO**.- Aproba-la rescisión total do Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "MONTES DE LLENCIAS DE SUARNA"
Elenco: 2716539
Superficie: 116 Hás
Pertenza: S.A.T. nº 4.559
Termo municipal: A Fonsagrada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2004

**O CONSELLEIRO**
**(por Orde do 29/1/2003)**
**O Secretario Xeral,**

XUNTA DE GALICIA SECRETARÍA XERAL CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

**Justo de Benito Basanta**

**Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.-**
**Santiago de Compostela.-**

# CONVENIO

| N.º | 271 | 7595 |
|---|---|---|

En Santiago de Compostela, a un de abril ~~de mil novecentos noventa e~~ de dous mil catro

## REUNIDOS

Dunha banda, D. José Manuel Barreiro Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Manuel López Castro, con DNI: 76.542.361; D. José María Pérez López, con DNI: 33.816.649 e D. Manuel Gómez Fernández, con DNI: 33.821.075, todos eles veciños do lugar de Llencias, municipio de A Fonsagrada.
,
como representantes dos propietarios do monte "DE LLENCIAS DE SUARNA" segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

## EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcions e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.– O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas no Convenio subscrito con data do 22 de Agosto de 1.984 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Convenio na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Convenio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Convenio anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.– Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se detallan:
Denominación: "DE LLENCIAS DE SUARNA"
Termo municipal: A Fonsagrada Provincia: Lugo

Límites: Figuran na folla adxunta.
N.: 

S.: 

L.: 

O.: 

Superficie: 116 (Cento dezaséis) Hás

Estado forestal: 116 (Cento dezaséis) Hás repoboadas

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: ~

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do Convenio anterior, que se converte e anula: 116 (Cento dezaséis) Hás

Sen vexetación arbórea: ~

Servidumes: ~

## TÍTULO DE PROPIEDADE

Por herdanza dos seus antepasados.
Inscrita no Rexistro da Propiedade de
Tomo (s) Folio (s)
Finca (s)
Inscrición (s)

3ª.– O chan continuará pertencendo a

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do convenio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.– A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Medio Ambiente o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recollerá na conta do convenio.

5ª.– Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos do convenio anterior, que quedará parcial ou totalmente extinguido. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de convenios a converter é como segue: 116 Hás do monte "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA"

6ª.– As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.– Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para ós propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Conselleria de Medio Ambiente recibirá o – por cento, e ós propietarios, o – por cento restante.

Se, como consecuencia da execución dun aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.– En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.– O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Medio Ambiente. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribtible no Rexistro da Propiedade.

10ª.– A duración deste convenio será por un período de dez anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automáticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase, á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados

11ª.– Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

.....................................................................................................................................................

.....................................................................................................................................................

.....................................................................................................................................................

12ª.– O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso - administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses de acordo con disposto nos artigos 107 e 116 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Asdo.: Manuel López Castro    Asdo.: Manuel Gómez Fernández    Asdo.: José Mª Pérez López

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Pola propiedade,*

Fdo.: Manuel López Castro

Fdo.: Manuel Gómez Fernández

Fdo.: José María Pérez López

*Pola Consellería de Medio Ambiente,*

XUNTA DE GALICIA - SECRETARÍA XERAL - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Justo de Benito Basanta

HOJA ADJUNTA EN LA QUE SE REFLEJAN LOS LÍMITES DE LOS TERRENOS QUE INTEGRAN EL CONVENIO DEL MONTE "MONTE DE LLENCIAS DE SUARNA".

PARCELA I

Norte.- Monte "SIERRA DE INVERNAL" , repoblado, de los vecinos de Paradanova, Fonsagrada y Pereira, fincas de Silvela, monte de Vilarín y monte arbolado de Llencias.

Este.- Monte arbolado de los vecinos de Llencias

Sur.- Monte arbolado y raso de los vecinos de Llencias y

Oeste.- Montes "SIERRA DE INVERNAL" y "DE AQUEL CABO", repoblados, de los vecinos de Paradanova, Fonsagrada y San Martín de Suarna.

PARCELA II

Norte.- Monte arbolado de los vecinos de Llencias

Este.- Monte arbolado de los vecinos de Llencias

Sur.- Monte arbolado de los vecinos de Lencias y Rego da Valiña y

Oeste.- Monte arbolado y raso de los vecinos de Llencias.

PARCELA III

Norte.- Monte arbolado y raso de los vecinos de Llencias

Este.- Monte arbolado y raso de los vecinos de San Martín de Suarna

Sur.- Monte arbolado de los vecinos de Llencias y

Oeste.- Monte arbolado y raso de los vecinos de Llencias.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

Con data do 22 de febreiro de 2017 a Conselleira do Medio Rural ditou a seguinte

**RESOLUCIÓN:**

*1º.- Aprobar a modificación do convenio "De Llencias de Suarna", 2717595 nunha superficie de 8,845 ha a petición de Braulio Díaz Pérez e Elida Villaverde Carballido.*

*2º.- Que a antedita modificación sexa efectiva sen que Braulio Díaz Pérez e Elida Villaverde Carballido teñan que pagar ningunha cantidade adicional á Administración, xa que na actualidade a parcela a modificar do convenio non presenta débeda, logo de que esta se pagase o 07.11.2016.*

*3º- Que no sucesivo a características do convenio do monte "De Llencias de Suarna" 2717595, sexan as seguintes:*

| | |
|---|---|
| *Nome do monte:* | *"De Llencias de Suarna"* |
| *Elenco:* | *2717595* |
| *Superficie:* | *107,155 ha.* |
| *Pertenza:* | *Manuel López Castro e outros veciños de Llencias* |
| *Concello:* | *A Fonsagrada* |

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 123 e na disposición transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso- administrativa.

O que comunico para os efectos oportunos.

A través dese servizo deberá notificarse esta resolución ao titular do monte afectado.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 27/02/2017 15:16:14
SAÍDA 18934 / RX 318103

O xefe do Servizo de Xestión Forestal

Luis Ortega Mene

Servizo de Montes de Lugo




Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89